

Código do documento	Código do expediente
USG13I000Y	USG/2019/4
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1H1Y 3T3C 4F5R 4Q3V 1282	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 14 DE XANEIRO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego A. Taibo Monelos
D.ª Mª Guadalupe Pombo Carril
D.ª Carmen Varela Corbelle
D. Juan C. Iglesias Lovelle
D.ª Marta Mª Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes

INTERVENTORA:

D.ª Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.ª Pilar Mª Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e cinco minutos do día catorce de xaneiro de dous mil dezanove, reúne a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Ramón Rioboo Castro e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, D.ª Carmen Varela Corbelle, D. Juan C. Iglesias Lovelle, D.ª Marta Mª Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D.ª Marta Mª Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a sra. Interventora municipal, D.ª Vanesa García Barreiro

Actúa como secretaria a secretaria xeral, D.ª Pilar Mª Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP do 16/7/2004, núm. 162) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 7 DE XANEIRO DE 2019

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP do 16/7/04, núm. 162) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 7 de xaneiro de 2019, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión. Ao non producirse ningunha intervención, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a aprobación da acta que resulta aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 7 de xaneiro de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Anuncio do Ministerio de Fomento, -Demarcación de Estradas do Estado en Galicia-, sobre Resolución do Ministerio de Fomento pola que se aproba provisionalmente e se ordena a incoación do expediente de Información Oficial e Pública do Anteproxecto "VIAL DE CONEXIÓN AC-14/AP-9 ENTRE A AUTOVÍA AC-14 (ENLACE DE ZAPATEIRA) E A AUTOPISTA AP-9", e o seu correspondente Estudo de Impacto Ambiental, para os efectos da Lei 37/2015, de Estradas e da Lei 21/2013, de Avaliación Ambiental e as súas modificacións recollidas na Lei 9/2018. Clave: AO-LC-7470. Provincia de A Coruña. BOE núm. 8 do 09-01-2019.

Código do documento	Código do expediente
USG13I000Y	USG/2019/4
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1H1Y 3T3C 4F5R 4Q3V 1282	

- Resolución de 8 de xaneiro de 2019, do Ministerio de Economía e Empresa, -Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira-, pola que se actualiza o anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE núm. 9 do 10-01-2019.
- Lei 23/2018, de 29 de novembro, da Comunitat Valenciana, de igualdade das persoas LGTBI. BOE núm. 10 do 11-01-2019.
- Resolución do 12 de decembro de 2018, da Consellería de Política Social, pola que se publica a Resolución do 23 de novembro de 2018 das axudas convocadas na Orde do 27 de xuño de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia (PAI) dependentes de corporacións locais, e se convocan para o 2018 (cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020). DOG núm. 5 do 08-01-2019.
- Orde do 12 de decembro de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2019. DOG núm. 6 do 09-01-2019.
- Orde do 12 de decembro de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2019. DOG núm. 6 do 09-01-2019.
- Resolución do 17 de decembro de 2018, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para a realización de auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industria e servizos para o ano 2019, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (código IN417Y). DOG núm. 6 do 09-01-2019.
- Resolución do 18 de decembro de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, -Xefatura Territorial da Coruña-, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Culleredo (expediente IN407A 2016/492-1). DOG núm. 6 do 09-01-2019.
- Orde do 17 de decembro de 2018, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2019 (IN519B). DOG núm. 7 do 10-01-2019.
- Anuncio do 4 de xaneiro de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, -Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais-, relativo ás bases reguladoras do Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2019. BOP núm. 5 do 08-01-2019.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG13I000Y	USG/2019/4
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1H1Y 3T3C 4F5R 4Q3V 1282	

C.I.F. P-1503100-H

- Anuncio do 4 de xaneiro de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, -Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes-, relativo ás bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2019. BOP núm. 5 do 08-01-2019.
- Anuncio do 4 de xaneiro de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, -Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes-, relativo ás bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña durante o ano 2019. BOP núm. 5 do 08-01-2019.
- Anuncio do 7 de xaneiro de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, -Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego-, relativo ó programa de subvencións dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2019. BOP núm. 6 do 09-01-2019.
- Anuncio do 3 de xaneiro de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, -Secretaría Xeral. Sección de Información e Actas-, relativo á convocatoria do programa de subvencións provinciais de concorrencia competitiva dirixidas a concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos SNL. BOP núm. 7 do 10-01-2019.
- Anuncio do 8 de xaneiro de 2019, do Consorcio As Mariñas, relativo á aprobación inicial do padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao terceiro trimestre do ano 2018 que rexerá para o concello de Culleredo. BOP núm. 9 do 14-01-2019.
- Anuncio do 4 de xaneiro de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, relativo á convocatoria do "Programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico deportivo, durante o ano 2019" (FO106/2019). BOP núm. 9 do 14-01-2019.
- Anuncio do 10 de xaneiro de 2019, da Deputación Provincial da Coruña, -Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego-, relativo ás bases reguladoras do programa de fomento pesqueiro dirixido ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña para actividades durante o ano 2019. BOP núm. 9 do 14-01-2019.

2.2.- RESOLUCIÓN E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións ditadas polo servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

- "Resolución núm. 2015 de data do 28/12/2018, pola que se levanta o reparo formulado pola Intervención Municipal e pola que se aproba a certificación núm. 3 e última de data do 10/05/2018 da obra "*Separata del proyecto de red ciclista del área metropolitana de A Coruña, Concello de Culleredo*", polo importe de 85.713,12 €.
- Resolución núm. 38 de data do 04/01/2019, pola que se aproba o Plan de Seguridade e Saúde da obra "*Rehabilitación do pavimento na R/. Penaloureira e no cruce de San Cosme*", presentado pola adjudicataria CANARGA, SL.

Código do documento	Código do expediente
USG13I000Y	USG/2019/4
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1H1Y 3T3C 4F5R 4Q3V 1282	

- Resolución núm. 39 de data do 04/01/2019, pola que se aproba o Plan de Seguridade e Saúde da obra “*Rehabilitación e pavimentación da estrada da Ermida de Ternande e Ledoño*”, presentado pola adxudicataria EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, SL.”

2.2.2.- A sra concelleira de Educación, Cultura e Participación Cidadá dá conta á Xunta de Goberno Local a realización das seguintes actividades:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

EDUCACULLEREDO 2018/19

ACTIVIDADE: Obradoiro de video-poesia: versos en pegatina.

Programa: Educación musical e artística.
Datas: 14 e 15 de xaneiro.
Horario: de 8:30 a 14:10 h.
Centros participantes: IES Rego de Trabe.
Curso: 1º de ESO.
Nº participantes: 94.
Lugar: Aulas.

ACTIVIDADE: A Constitución e a administración local.

Programa: Educación constitucional.
Datas: 15, 16, 17, 18 de xaneiro.
Horario: de 9:00 a 11:30 h.
Colexios participantes: CEIP P Tarrío, CEIP Sofia Casanova e CEIP Díaz Pardo.
Curso: 4º EP.
Nº participantes: 175.
Lugar: Casa do Concello.

C.I.F. P-1503100-H

ACTIVIDADES CULTURAIS

MÉRCORES 16 DE XANEIRO
Biblioteca Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.30 h:
Cancioneiro multicultural.
De 0 a 100 anos. Entrada libre.

VENRES 18 DE XANEIRO
Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:
Obradoiro de customización de prendas.
De 7 a 12 anos. Inscripción na mesma semana na biblioteca.”

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Código do documento	Código do expediente
USG13I000Y	USG/2019/4
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1H1Y 3T3C 4F5R 4Q3V 1282	

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e trece minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Visto e prace

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H